



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2024/2

SESIÓN ORDINARIA

DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
VENRES, 26 DE XANEIRO DE 2024

No día de hoxe, ás **20:35 horas**, baixo a presidencia da Alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **sesión ordinaria**, do Pleno da Corporación.

ASISTEN:

PP

MARÍA TERESA VILLAYERDE PAIS
ESTEBAN ARES GARCÍA
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL
MARIEL AGRAFOJO NIETO
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE

JUAN JOSÉ PREGO CES
IRIA INSUA GONZÁLEZ
CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

GRUPO MIXTO (BNG)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

ANA MARÍA DOMÍNGUEZ LAÍÑO (PSdG-PSOE)

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

- 1 Aprobación, se procede, das seguintes actas: sesión ordinaria do 24/11/2023 e sesión extraordinaria do 13/12/2023.
- 2 Aprobación, se procede, do cambio de data do pleno ordinario de marzo do 2024
- 3 Ratificación, se procede, da inclusión do seguinte punto na orde do día: aprobación inicial da modificación do ICIO.
- 4 Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza Fiscal reguladora do ICIO.

Parte de control:

- 5 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía: da 697 á 817 do 2023 e da 1 á 23 do 2024.
- 6 Dación de conta dos acordos adoptados pola XGL
- 7 Dación de conta dos informes da Intervención relativos á estabilidade orzamentaria.
- 8 Inclusión de mocións por razón de urxencia
- 9 Rogos e preguntas

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES

A Alcaldesa sinala que vai someter a aprobación os borradores das Actas das seguintes sesións: ordinaria do 24/11/2023 e extraordinaria do 13/12/2023. Pregunta se hai algún tipo de observación ás mesmas.

Ante a ausencia de observacións, somete os borradores das Actas a aprobación.

2

- Acta da sesión ordinaria do 24/11/2023

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros/as presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión ordinaria do 24/11/2023.

- Acta da sesión extraordinaria do 13/12/2023

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros/as presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión extraordinaria do 13/12/2023.

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE MARZO DE 2024

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria, que é a seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 22/01/2024





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Resultado da votación na CIAP:
Unanimidade dos 7 membros.

<<Segundo o acordado polo propio Pleno do Concello de Lousame, as sesións ordinarias teñen lugar o último venres dos meses impares. No mes de marzo de 2024, o pleno ordinario debería ser celebrado o venres, día 29 de marzo, ás 20:30 horas.

Tendo en conta que a data prefixada para o pleno ordinario de marzo (29/03/2024) coincide coa festividade de Venres Santo, considérase axeitado cambiar a data de celebración do pleno ordinario do mes de marzo.

Á vista dos antecedentes expostos, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo a adopción do presente ACORDO:

Único: Cambiar a data do pleno ordinario do mes de marzo de 2024 (prefixada para o venres, día 29 de marzo de 2024) que terá lugar o venres, día 5 de abril do 2024, ás 20:30 horas>>

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros/as presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

<<Segundo o acordado polo propio Pleno do Concello de Lousame, as sesións ordinarias teñen lugar o último venres dos meses impares. No mes de marzo de 2024, o pleno ordinario debería ser celebrado o venres, día 29 de marzo, ás 20:30 horas.

3

Tendo en conta que a data prefixada para o pleno ordinario de marzo (29/03/2024) coincide coa festividade de Venres Santo, considérase axeitado cambiar a data de celebración do pleno ordinario do mes de marzo.

Á vista dos antecedentes expostos, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo a adopción do presente ACORDO:

Único: Cambiar a data do pleno ordinario do mes de marzo de 2024 (prefixada para o venres, día 29 de marzo de 2024) que terá lugar o venres, día 5 de abril do 2024, ás 20:30 horas>>

3) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA INCLUSIÓN DO SEGUINTE PUNTO NA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO ICIO.

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DUN ASUNTO NA ORDE DO DÍA

O artigo 82.3 do ROF sinala que o Alcalde, por razóns de urxencia, debidamente motivada, poderá incluír na Orde do Día asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa; pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre eses asuntos, sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na Orde do Día.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

As razóns que motivan a urxencia son as seguintes:

- **Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal do ICIO.** O expediente quedou ultimado o día 23/01/2024; con posterioridade á celebración da CIACP do Pleno Ordinario de xaneiro.

Por todas as razóns expostas, é polo que esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que ratifique a inclusión na Orde do Día da **sesión ordinaria** convocada para o **venres, día 26 de xaneiro de 2024, ás 20:30 horas**, os seguintes asuntos:

1. Aprobación inicial, se procede, da modificación da ordenanza fiscal reguladora do ICIO.

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros/as presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: ratificar a inclusión na Orde do Día da sesión ordinaria convocada para o venres, día 26 de xaneiro de 2024, ás 20:30 horas o seguinte asunto: Aprobación inicial, se procede, da modificación da ordenanza fiscal reguladora do ICIO.

4) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ICIO.

4

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras
Expediente: 2024/G016/000002

PROPOSTA DE ACORDO:

D^a. María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, e no uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente en materia de réxime local, emite a presente proposta de acordo:

<<O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Logo de máis de 15 anos, considérase conveniente modificar os tipos de gravame do imposto, para acadar unha maior suficiencia financeira do Concello, que lle permita atender ás súas competencias mínimas e obrigatorias, así como satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Por outra banda, dado o tempo transcorrido, tamén cómpre actualizar o “Cadro de módulos para cálculo de orzamentos de obra a efectos de liquidación do imposto”-

Segundo: Consta no expediente Providencia de incoación, do día 23/01/2024.

Terceiro: Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, relativo á actualización do “cadro de módulos” e da Secretaría-Intervención núm. 6 do 23/01/2024.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

Segundo: O procedemento para aprobar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro: Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da LPAC, por aplicación da sentenza do 31/01/2023 do Tribunal Supremo, que sinala que o artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais constitúe lexislación especial por razón da materia, polo que, de conformidade co disposto na DA 1ª do apartado 1º da LPACAP, non resulta esixible seguir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que quedará redactada como se recolle no Anexo deste acordo.

Segundo: Abrir un período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da sede electrónica do Concello.

Terceiro: Unha vez finalizado o período de información pública segundo o previsto no párrafo anterior, no caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

Anexo:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

5

Artigo 1.º FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º FEITO IMPOÑIBLE.

2.1.—Constitúe o feito imponible do Imposto a realización no termo municipal de Lousame, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control corresponda a este Concello.

2.2.—Son construcións, instalacións e obras suxeitas ó imposto todas aquelas na que a execución implique a realización do feito imponible definido no apartado anterior e en particular as seguintes:

- a) As obras de nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou reforma que afecten á estrutura ou aspecto exterior ou á disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras dos servizos públicos, que corresponderán tanto as obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte,





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.

e) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.

f) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valados, os andamios e as andamiaxes de precaución.

g) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos calquera que sexa o seu emprazamento.

h) Os usos e instalacións de carácter provisorio.

i) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valados que teñan publicidade ou propaganda.

j) As instalacións subterráneas dedicadas os aparcamentos, as actividades industriais, mercantís ou profesionais, ós servizos públicos ou a calquera outro uso ao que se destine o subsolo.

k) A realización de calquera outra actuación establecida polo Plan de Ordenación ou polas ordenanzas que lle sexan aplicables como suxeitas a licenza municipal, sempre que se trate de construcións, instalacións, ou obras.

l) Derrubamentos.

m) As que se realicen en cemiterios.

n) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise de licenza de obra ou urbanística ou a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 3.º SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO.

Non estarán suxeitos ao imposto regulado nesta ordenanza, na aplicación da xurisprudencia nesta materia:

a) As obras incluídas nun proxecto de urbanización e de compensación aprobados, non están suxeitas ao ICIO, xa que non están suxeitos á obtención de licenza (STS do 30 de setembro do 2000, STS do 15 de febreiro do 2003, STS do 12 de marzo de 2004).

b) As obras realizadas como consecuencia dunha orde de execución ditada polo Concello (STS do 10 de outubro do 2003).

Artigo 4.º EXENCIONES.

Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado as Comunidades Autónomas ou as entidades locais que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si trata de obras de inversión nova como de conservación.

A concesión ou denegación da exención será efectuada polo Pleno da Corporación, previo informe dos servizos técnicos.

Artigo 5.º SUXEITOS PASIVOS E SUBSTITUTOS DO CONTRIBUÍNTE.

5.1.—Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuínte as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realicen aquelas.

Aos efectos deste punto terán a consideración de donos das construcións, instalacións ou obras quen soporte os gastos ou custos que comporten a súa realización.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

5.2.–Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quen solicite a correspondente licenza ou presente a correspondente declaración responsable ou comunicación previa ou realice as construcións, instalacións ou obras.

Para a aplicación deste apartado considérase substituto de primeiro grado ao solicitante da licenza ou persoa que presente a declaración responsable/comunicación previa e contra este obrigado exercitarase a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude de licenza nin presentación de declaración responsable/comunicación previa, esixirase a presentación da declaración e o ingreso á empresa que realice a construción, instalación ou obra.

5.3.–O substituto poderá esixir ao contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 6.º BASE IMPOÑIBLE.

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e se entende por tal a estes efectos, o custo de execución material de aquela.

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que integre o custo de execución material.

Artigo 7.º TIPO DE GRAVAME E COTA TRIBUTARIA.

7.1.–A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

- a) Construcións, instalacións e obras cun presuposto de execución material inferior a 600.000,00 €: 2,50 %.
- b) Construcións, instalacións e obras cun presuposto de execución material igual ou superior a 600.000,00 €: 4 %.

7.2.–A cota líquida do imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar á cota as bonificacións que se establecen no artigo 9.º desta ordenanza.

Artigo 8.º VINDICACIÓN DO IMPOSTO.

8.1.–A obriga de contribuír nace no momento de comezar construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que se comece sen ter obtido a licenza que proceda ou sen ter presentado a declaración responsable ou comunicación previa.

8.2.–Aos efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a perceptiva licenza municipal; no momento que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ao mes da data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local. No caso das comunicacións previas ou declaracións responsables, aos 15 días da súa presentación no rexistro do Concello.

Artigo 9.º BONIFICACIÓNS.

9.1.–Establécese unha bonificación fiscal de até o 95% para as construcións, instalacións ou obras que, a solicitude do suxeito pasivo, sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

95%	Creación de máis de 20 postos de traballo
75%	Creación de entre 11 e 20 postos de traballo
50%	Creación de até 10 postos de traballo





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial; así como a aquelas outras que consistan na ampliación das instalacións dunha actividade económica ou empresarial xa existente, sempre e cando impliquen creación de emprego.

A concesión do beneficio fiscal, así coma a declaración de especial interese ou utilidade municipal, corresponderá ao Pleno da Corporación, por maioría simple dos seus membros.

Á presente bonificación resúltanlle de aplicacións as seguintes normas:

a) Non se entenderá que concorre o requisito da nova actividade, nos seguintes supostos:

a. Cando a actividade económica fose realizada anteriormente por outras persoas ou entidades relacionadas no sentido do artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, reguladora do Imposto sobre sociedades e transmitida, por calquera título xurídico, á entidade de nova creación.

b. Cando a actividade económica fose realizada, durante o ano anterior á constitución da entidade, por unha persoa física que ostente unha participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade de nova creación, superior ao 50%

c. Non terán a consideración de entidades de nova creación aquelas que formen parte dun grupo nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

d. Non se entenderá que existe nova actividade cando no mesmo local para o que se solicita a bonificación se viñera desenvolvendo calquera outra actividade, polo mesmo titular, baixo outro epígrafe do Imposto de Actividades Económicas.

b) Entenderase por ampliación das instalacións, a apertura dun novo centro de traballo, sempre e cando se manteña a apertura dos centros nos que xa viña desenvolvendo habitualmente a actividade.

c) Requisitos relativos á creación de emprego:

a. Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os empregos computaranse en proporción á duración da xornada.

b. Os contratos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos, contados dende o inicio da actividade ou ampliación da mesma.

c. Non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que procedan de traslados ou diminucións de plantillas ou postos de traballo doutros centros do suxeito pasivo ou do seu grupo. En caso de fusión, absorción, cambio de denominación ou similares, non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que xa dispuxeran de contrato laboral nunha empresa afectada por este tipo de procesos.

d. Os traballadores deberán ter como destino principal ou lugar no que desempeñan a totalidade ou a meirande parte do seu traballo, o local obxecto da obra bonificada.

e. Os contratos de traballo deberán formalizarse non prazo máximo de tres anos desde a concesión da licenza de obras correspondente, ou da prórroga que se conceda no seu caso para a execución da obra ou da presentación da comunicación previa, de ser este o procedemento adecuado.

d) No momento da solicitude da bonificación, achegarse unha Memoria Explicativa da iniciativa económica proxectada ou da ampliación da dita iniciativa económica, pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. O interesado, achegará a seguinte documentación:

1. Memoria explicativa, integrada por unha descrición da actividade a desenvolver no local obxecto da obra, e que comprenderá unha análise da súa viabilidade.

2. Declaración dos empregos a crear, detallando o seu número e modalidade da xornada.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada, e última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

e) A fin de acreditar a creación e mantemento dos empregos creados, durante o mes de decembro do primeiro, segundo e terceiro exercicios posteriores ao remate das obras o interesado deberá aportar a seguinte documentación:

1. Copia dos novos contratos formalizados (unicamente no primeiro exercicio posterior ao inicio da actividade).

2. Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social, da que se desprenda o mantemento do emprego por parte da empresa.

f) A comisión de calquera infracción urbanística na execución do investimento obxecto de bonificación, ou o incumprimento do prazo mínimo (de tres anos) de mantemento do emprego, dará lugar á perda automática do beneficio fiscal outorgado, debendo reintegrarse na Tesourería Municipal o importe da bonificación.

9.2.—Establécese unha bonificación fiscal do 95% da cota para construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración. Acordarase previa solicitude do suxeito pasivo acompañada de memoria na que se motive o especial interese ou utilidade municipal.

Neste caso, a concesión do beneficio fiscal, así coma a declaración de especial interese ou utilidade municipal, corresponderá ao Pleno da Corporación, por maioría simple dos seus membros.

9.3.—Establécese unha bonificación fiscal do 25% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para o autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación establécese no 25% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía, a deducir da cota íntegra do imposto.

O suxeito pasivo deberá aportar xunto coa solicitude de licenza, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou enerxía solar fotovoltaica para o autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

9.4.—Establécese unha bonificación fiscal do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a actuacións protexidas en materia de vivenda, de conformidade co disposto no Decreto da Xunta de Galicia 199/2002, do 6 de xuño e demais normativa estatal e autonómica na materia.

Para o goce da mesma o suxeito pasivo, deberá aportar no momento previo á retirada da licenza, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

9.5.—Establécese unha bonificación fiscal do 90% a favor das construcións, instalación e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación establece no 90% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados a deducir da cota íntegra do imposto.

9.6.—As bonificacións reguladas nos parágrafos 9.2, 9.3, 9.4 e 9.5 deste artigo esixirán:

a) Solicitude do interesado, que deberá presentarse coincidindo coa solicitude da correspondente licenza, declaración responsable ou comunicación previa.

b) Informe dos servizos municipais correspondentes (Urbanismo, Cultura, Medio Ambiente, Servizos Sociais).

c) Acordo do Pleno da corporación.

As bonificacións aplicaranse sobre a cota íntegra do imposto.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

9.7.—Como regra xeral, as bonificacións fiscais non serán aplicables simultaneamente; agás as contempladas no parágrafo 9.3 e 9.4, que poderán solicitarse de xeito simultáneo. Os interesados, no momento de formular a súa solicitude, identificarán que bonificación pretenden que se aplique.

Artigo 10.º NORMAS DE XESTIÓN.

10.1.—Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, comunicación previa ou declaración responsable, acompañada dos correspondentes orzamentos, nos casos que sinala a normativa aplicable ao solo e a edificación, tanto estatal, coma autonómica ou local. A solicitude de licenza urbanística, presentación da comunicación previa ou declaración responsable terá o valor de declaración tributaria, por canto dos orzamentos que acompañan a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza ou presentación de comunicación previa ou de declaración responsable antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 11 desta ordenanza.

10.2.—Concedida a licenza, presentada a comunicación previa ou declaración responsable e, en todo caso, no prazo máximo dun mes a partir do momento no que se inicia a construción, instalación ou obra, incluso cando non fose presentada a comunicación previa ou declaración responsable, ou non solicitada, concedida ou denegada aínda a devandita licenza, o suxeito pasivo estará obrigado a aboar a liquidación pertinente nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen que o pagamento comporte ningún acto declarativo de dereito a prol daqueles.

A base imponible para esta liquidación determinarase en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente cando isto constituía requisito perceptivo. Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica municipal.

10.3.—O pagamento da liquidación practicada terá carácter provisorio e será da conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras.

10.4.—Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, poderá modificar a base imponible á que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando o suxeito pasivo a cantidade que resulte.

Para estes efectos e no caso que se modificara o proxecto inicial das construcións, instalacións ou obras e se incrementara o orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos, están obrigados a facer o ingreso da liquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado co suxeición os prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

10.5.—No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule a renuncia expresa á licenza para a realización das obras ou caducara a licenza ou formule renuncia expresa a realizar as obras comunicadas previamente.

10.6.—No suposto de licencias concedidas en virtude da aplicación das normas sobre silencio administrativo, o pagamento do imposto deberá de realizarse antes de dar comezo as obras.

No suposto de comunicación previa ou declaración responsable o pagamento do imposto deberá de realizarse antes de dar comezo as obras, sen prexuízo da posterior liquidación por parte do Concello.

Artigo 11.º INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza comezará a rexer a partires da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente mentres no se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

CADRO DE MÓDULOS PARA O CÁLCULO DE ORZAMENTOS DE OBRA A EFECTOS DE LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO.

SANEAMENTO:

Ud. Filtro biolóxico compacto, fosas estancas e pozos estancos con instalación de bombeo á rede de augas fecais municipais: 1.200,00 €

ABASTECIMENTO:

Ud. Pozo de barrena / artesiano con instalación completa de bombeo de auga: 1.600,00 €

REFORMAS INTERIORES:

M2. Reforma interior completa de cuarto de baño ou cociña: 450,00 €

M2. Reforma interior completa do resto de estancias adicadas a uso vivenda: 350,00 €

M2. Reforma interior completa de espazos adicadas a uso garaxe ou almacén: 300,00 €

PECHES:

ML. Cimentación de peche, incluso escavación e zapata lixeira: 40,00 €

M2. Peche bloque ou ladrillo, incluso acabado e pintado: 50,00 €

M2. Peche de formigón, incluso acabado e pintado: 60,00 €

M2. Peche de malla metálica forrada sustentada con postes: 35,00 €

M2. Peche de pedra, perpiaño ou cachotaría: 90,00 €

M2. Muro de contención de formigón, incluso acabado e pintado: 80,00 €

REVESTIMENTOS:

M2. Pintura exterior: 8,00 €

M2. Enfoscados ou revestimentos de paramentos: 11,00 €

M2. Encintado de pedra en fachada: 20,00 €

M2. SATE en fachada: 60,00 €

M2. Chapados de pedra serrada, cachote ou laxas: 70,00 €

CONDUTOS E CANALIZACIÓNS:

ML. Cheminea ó exterior: 150,00 €

ML. Canlóns e baixantes: 22,00 €

ML. Pasos de formigón diámetro 40 cm incluso escavación: 25,00 €

ML. Pasos de formigón diámetro 50 cm incluso escavación: 30,00 €

ML. Pasos de formigón diámetro 60 cm incluso escavación: 35,00 €





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

MI.	Manguera para traída de auga incluso escavación:	10,00 €
MI.	Reposición de pavimento en formigón, regos asfálticos ou aglomerado:	15,00 €

CARPINTERÍA

M2.	Carpintería exterior con apertura de ocos:	400,00 €
M2.	Carpintería exterior:	300,00 €

TELLADOS

M2.	Reposición ou instalación de tella nova en cuberta:	20,00 €
M2.	Reposición de cuberta con fibrocemento e tella:	50,00 €
M2.	Reposición de cuberta con chapa illada imitación a tella en edific. auxiliares:	50,00 €
M2.	Reposición de cuberta con viguetas, fibrocemento e tella:	65,00 €

VARIOS

M3.	Desmontes e recheos:	7,00 €
M2.	Beirarrúas, pavimentacións exteriores, ramplas de acceso en formigón:	20,00 €
M2.	Piscina de altura inferior a 1,50 m de alto:	600,00 €

Para o caso de que o suposto presentado non se axuste estritamente ós módulos deste cadro, actuarase, ben por similitude ou no seu defecto a base impoñible será determinada polo técnico municipal, de acordo co custe estimado da construción, instalación ou obra.>>

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por sete (7) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Grupo Mixto) e tres (3) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras
Expediente: 2024/G016/000002

<<O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Logo de máis de 15 anos, considérase conveniente modificar os tipos de gravame do





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

imposto, para acadar unha maior suficiencia financeira do Concello, que lle permita atender ás súas competencias mínimas e obrigatorias, así como satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Por outra banda, dado o tempo transcorrido, tamén cómpre actualizar o “Cadro de módulos para cálculo de orzamentos de obra a efectos de liquidación do imposto”-

Segundo: Consta no expediente Providencia de incoación, do día 23/01/2024.

Terceiro: Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, relativo á actualización do “cadro de módulos” e da Secretaría-Intervención núm. 6 do 23/01/2024.

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

Segundo: O procedemento para aprobar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro: Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da LPAC, por aplicación da sentenza do 31/01/2023 do Tribunal Supremo, que sinala que o artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais constitúe lexislación especial por razón da materia, polo que, de conformidade co disposto na DA 1ª do apartado 1º da LPACAP, non resulta esixible seguir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

13

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que quedará redactada como se recolle no Anexo deste acordo.

Segundo: Abrir un período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da sede electrónica do Concello.

Terceiro: Unha vez finalizado o período de información pública segundo o previsto no párrafo anterior, no caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

Anexo:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO
IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Artigo 1.º FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º FEITO IMPOÑIBLE.

2.1.—Constitúe o feito imponible do Imposto a realización no termo municipal de Lousame, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control corresponda a este Concello.

2.2.—Son construcións, instalacións e obras suxeitas ó imposto todas aquelas na que a execución implique a realización do feito imponible definido no apartado anterior e en particular as seguintes:

- a) As obras de nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou reforma que afecten á estrutura ou aspecto exterior ou á disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras dos servizos públicos, que corresponderán tanto as obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.
- e) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- f) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valados, os andamios e as andamiaxes de precaución.
- g) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos calquera que sexa o seu emprazamento.
- h) Os usos e instalacións de carácter provisorio.
- i) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valados que teñan publicidade ou propaganda.
- j) As instalacións subterráneas dedicadas os aparcamentos, as actividades industriais, mercantís ou profesionais, ós servizos públicos ou a calquera outro uso ao que se destine o subsolo.
- k) A realización de calquera outra actuación establecida polo Plan de Ordenación ou polas ordenanzas que lle sexan aplicables como suxeitas a licenza municipal, sempre que se trate de construcións, instalacións, ou obras.
- l) Derrubamentos.
- m) As que se realicen en cemiterios.
- n) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise de licenza de obra ou urbanística ou a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Artigo 3.º SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO.

Non estarán suxeitos ao imposto regulado nesta ordenanza, na aplicación da xurisprudencia nesta materia:

a) As obras incluídas nun proxecto de urbanización e de compensación aprobados, non están suxeitas ao ICIO, xa que non están suxeitos á obtención de licenza (STS do 30 de setembro do 2000, STS do 15 de febreiro do 2003, STS do 12 de marzo de 2004).

b) As obras realizadas como consecuencia dunha orde de execución ditada polo Concello (STS do 10 de outubro do 2003).

Artigo 4.º EXENCIONS.

Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado as Comunidades Autónomas ou as entidades locais que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si trata de obras de inversión nova como de conservación.

A concesión ou denegación da exención será efectuada polo Pleno da Corporación, previo informe dos servizos técnicos.

Artigo 5.º SUXEITOS PASIVOS E SUBSTITUTOS DO CONTRIBUÍNTE.

5.1.—Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuínte as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realicen aquelas.

Aos efectos deste punto terán a consideración de donos das construcións, instalacións ou obras quen soporte os gastos ou custos que comporten a súa realización.

5.2.—Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quen solicite a correspondente licenza ou presente a correspondente declaración responsable ou comunicación previa ou realice as construcións, instalacións ou obras.

Para a aplicación deste apartado considérase substituto de primeiro grado ao solicitante da licenza ou persoa que presente a declaración responsable/comunicación previa e contra este obrigado exercitarase a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude de licenza nin presentación de declaración responsable/comunicación previa, esixirase a presentación da declaración e o ingreso á empresa que realice a construción, instalación ou obra.

5.3.—O substituto poderá esixir ao contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 6.º BASE IMPOÑIBLE.

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e se entende por tal a estes efectos, o custo de execución material de aquela.

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que integre o custo de execución material.

Artigo 7.º TIPO DE GRAVAME E COTA TRIBUTARIA.

7.1.—A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

a) Construcións, instalacións e obras cun presuposto de execución material inferior a 600.000,00 €: 2,50 %.

b) Construcións, instalacións e obras cun presuposto de execución material igual ou superior a 600.000,00 €: 4 %.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7.2.–A cota líquida do imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar á cota as bonificacións que se establecen no artigo 9.º desta ordenanza.

Artigo 8.º VINDICACIÓN DO IMPOSTO.

8.1.–A obriga de contribuír nace no momento de comezar construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que se comece sen ter obtido a licenza que proceda ou sen ter presentado a declaración responsable ou comunicación previa.

8.2.–Aos efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a perceptiva licenza municipal; no momento que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ao mes da data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local. No caso das comunicacións previas ou declaracións responsables, aos 15 días da súa presentación no rexistro do Concello.

Artigo 9.º BONIFICACIÓNS.

9.1.–Establécese unha bonificación fiscal de até o 95% para as construcións, instalacións ou obras que, a solicitude do suxeito pasivo, sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

95%	Creación de máis de 20 postos de traballo
75%	Creación de entre 11 e 20 postos de traballo
50%	Creación de até 10 postos de traballo

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial; así como a aquelas outras que consistan na ampliación das instalacións dunha actividade económica ou empresarial xa existente, sempre e cando impliquen creación de emprego.

A concesión do beneficio fiscal, así coma a declaración de especial interese ou utilidade municipal, corresponderá ao Pleno da Corporación, por maioría simple dos seus membros.

Á presente bonificación resúltanlle de aplicacións as seguintes normas:

a) Non se entenderá que concorre o requisito da nova actividade, nos seguintes supostos:

a. Cando a actividade económica fose realizada anteriormente por outras persoas ou entidades relacionadas no sentido do artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, reguladora do Imposto sobre sociedades e transmitida, por calquera título xurídico, á entidade de nova creación.

b. Cando a actividade económica fose realizada, durante o ano anterior á constitución da entidade, por unha persoa física que ostente unha participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade de nova creación, superior ao 50%

c. Non terán a consideración de entidades de nova creación aquelas que formen parte dun grupo nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

d. Non se entenderá que existe nova actividade cando no mesmo local para o que se solicita a bonificación se viñera desenvolvendo calquera outra actividade, polo mesmo titular, baixo outro epígrafe do Imposto de Actividades Económicas.

b) Entenderase por ampliación das instalacións, a apertura dun novo centro de traballo, sempre e cando se manteña a apertura dos centros nos que xa viña desenvolvendo habitualmente a actividade.

c) Requisitos relativos á creación de emprego:

a. Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os empregos computaranse en proporción á duración da xornada.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

b. Os contratos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos, contados dende o inicio da actividade ou ampliación da mesma.

c. Non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que procedan de traslados ou diminucións de plantillas ou postos de traballo doutros centros do suxeito pasivo ou do seu grupo. En caso de fusión, absorción, cambio de denominación ou similares, non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que xa dispuxeran de contrato laboral nunha empresa afectada por este tipo de procesos.

d. Os traballadores deberán ter como destino principal ou lugar no que desempeñan a totalidade ou a meirande parte do seu traballo, o local obxecto da obra bonificada.

e. Os contratos de traballo deberán formalizarse non prazo máximo de tres anos desde a concesión da licenza de obras correspondente, ou da prórroga que se conceda no seu caso para a execución da obra ou da presentación da comunicación previa, de ser este o procedemento adecuado.

d) No momento da solicitude da bonificación, achegarse unha Memoria Explicativa da iniciativa económica proxectada ou da ampliación da dita iniciativa económica, pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. O interesado, achegará a seguinte documentación:

1. Memoria explicativa, integrada por unha descrición da actividade a desenvolver no local obxecto da obra, e que comprenderá unha análise da súa viabilidade.

2. Declaración dos empregos a crear, detallando o seu número e modalidade da xornada.

3. Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada, e última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

e) A fin de acreditar a creación e mantemento dos empregos creados, durante o mes de decembro do primeiro, segundo e terceiro exercicios posteriores ao remate das obras o interesado deberá aportar a seguinte documentación:

1. Copia dos novos contratos formalizados (unicamente no primeiro exercicio posterior ao inicio da actividade).

2. Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social, da que se desprenda o mantemento do emprego por parte da empresa.

f) A comisión de calquera infracción urbanística na execución do investimento obxecto de bonificación, ou o incumprimento do prazo mínimo (de tres anos) de mantemento do emprego, dará lugar á perda automática do beneficio fiscal outorgado, debendo reintegrarse na Tesourería Municipal o importe da bonificación.

9.2.—Establécese unha bonificación fiscal do 95% da cota para construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración. Acordarase previa solicitude do suxeito pasivo acompañada de memoria na que se motive o especial interese ou utilidade municipal.

Neste caso, a concesión do beneficio fiscal, así coma a declaración de especial interese ou utilidade municipal, corresponderá ao Pleno da Corporación, por maioría simple dos seus membros.

9.3.—Establécese unha bonificación fiscal do 25% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para o autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación establécese no 25% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía, a deducir da cota íntegra do imposto.

O suxeito pasivo deberá aportar xunto coa solicitude de licenza, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou enerxía solar fotovoltaica para o autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

9.4.–Estabéllese unha bonificación fiscal do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a actuacións protexidas en materia de vivenda, de conformidade co disposto no Decreto da Xunta de Galicia 199/2002, do 6 de xuño e demais normativa estatal e autonómica na materia.

Para o goce da mesma o suxeito pasivo, deberá aportar no momento previo á retirada da licenza, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

9.5.–Estabéllese unha bonificación fiscal do 90% a favor das construcións, instalación e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación establece no 90% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados a deducir da cota íntegra do imposto.

9.6.–As bonificacións reguladas nos parágrafos 9.2, 9.3, 9.4 e 9.5 deste artigo esixirán:

- a) Solicitud de interesado, que deberá presentarse coincidindo coa solicitude da correspondente licenza, declaración responsable ou comunicación previa.
- b) Informe dos servizos municipais correspondentes (Urbanismo, Cultura, Medio Ambiente, Servizos Sociais).
- c) Acordo do Pleno da corporación.

As bonificacións aplicaranse sobre a cota íntegra do imposto.

9.7.–Como regra xeral, as bonificacións fiscais non serán aplicables simultaneamente; agás as contempladas no parágrafo 9.3 e 9.4, que poderán solicitarse de xeito simultáneo. Os interesados, no momento de formular a súa solicitude, identificarán que bonificación pretenden que se aplique.

Artigo 10.º NORMAS DE XESTIÓN.

18

10.1.–Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, comunicación previa ou declaración responsable, acompañada dos correspondentes orzamentos, nos casos que sinala a normativa aplicable ao solo e a edificación, tanto estatal, coma autonómica ou local. A solicitude de licenza urbanística, presentación da comunicación previa ou declaración responsable terá o valor de declaración tributaria, por canto dos orzamentos que acompañan a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza ou presentación de comunicación previa ou de declaración responsable antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 11 desta ordenanza.

10.2.–Concedida a licenza, presentada a comunicación previa ou declaración responsable e, en todo caso, no prazo máximo dun mes a partir do momento no que se inicia a construción, instalación ou obra, incluso cando non fose presentada a comunicación previa ou declaración responsable, ou non solicitada, concedida ou denegada aínda a devandita licenza, o suxeito pasivo estará obrigado a aboar a liquidación pertinente nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen que o pagamento comporte ningún acto declarativo de dereito a prol daqueles.

A base imponible para esta liquidación determinarase en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente cando isto constituía requisito perceptivo. Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica municipal.

10.3.–O pagamento da liquidación practicada terá carácter provisorio e será da conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras.

10.4.–Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, poderá modificar a base imponible á que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando o suxeito pasivo a cantidade que resulte.

Para estes efectos e no caso que se modificara o proxecto inicial das construcións, instalacións ou obras e se incrementara o orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos, están obrigados a facer o ingreso da





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

liquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado co suxeición os prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

10.5.–No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule a renuncia expresa á licenza para a realización das obras ou caducara a licenza ou formule renuncia expresa a realizar as obras comunicadas previamente.

10.6.–No suposto de licencias concedidas en virtude da aplicación das normas sobre silencio administrativo, o pagamento do imposto deberá de realizarse antes de dar comezo as obras.

No suposto de comunicación previa ou declaración responsable o pagamento do imposto deberá de realizarse antes de dar comezo as obras, sen prexuízo da posterior liquidación por parte do Concello.

Artigo 11.º INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza comezará a rexer a partires da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente mentres no se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

CADRO DE MÓDULOS PARA O CÁLCULO DE ORZAMENTOS DE OBRA A EFECTOS DE LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO.

SANEAMENTO:

Ud.	Filtro biolóxico compacto, fosas estancas e pozos estancos con instalación de bombeo á rede de augas fecais municipais:	1.200,00 €
-----	---	------------

ABASTECIMENTO:

Ud.	Pozo de barrena / artesiano con instalación completa de bombeo de auga:	1.600,00 €
-----	---	------------

REFORMAS INTERIORES:

M2.	Reforma interior completa de cuarto de baño ou cociña:	450,00 €
M2.	Reforma interior completa do resto de estancias adicadas a uso vivenda:	350,00 €
M2.	Reforma interior completa de espazos adicadas a uso garaxe ou almacén:	300,00 €

PECHES:

ML.	Cimentación de peche, incluso escavación e zapata lixeira:	40,00 €
M2.	Peche bloque ou ladrillo, incluso acabado e pintado:	50,00 €
M2.	Peche de formigón, incluso acabado e pintado:	60,00 €
M2.	Peche de malla metálica forrada sustentada con postes:	35,00 €





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

M2.	Peches de pedra, perpiaño ou cachotaría:	90,00 €
M2.	Muro de contención de formigón, incluso acabado e pintado:	80,00 €

REVESTIMENTOS:

M2.	Pintura exterior:	8,00 €
M2.	Enfoscados ou revestimentos de paramentos:	11,00 €
M2.	Encintado de pedra en fachada:	20,00 €
M2.	SATE en fachada:	60,00 €
M2.	Chapados de pedra serrada, cachote ou laxas:	70,00 €

CONDUTOS E CANALIZACIÓNS:

ML.	Cheminea ó exterior:	150,00 €
ML.	Canlóns e baixantes:	22,00 €
ML.	Pasos de formigón diámetro 40 cm incluso escavación:	25,00 €
ML.	Pasos de formigón diámetro 50 cm incluso escavación:	30,00 €
ML.	Pasos de formigón diámetro 60 cm incluso escavación:	35,00 €
ML.	Manguera para traída de auga incluso escavación:	10,00 €
ML.	Reposición de pavimento en formigón, regos asfálticos ou aglomerado:	15,00 €

20

CARPINTERÍA

M2.	Carpintería exterior con apertura de ocos:	400,00 €
M2.	Carpintería exterior:	300,00 €

TELLADOS

M2.	Reposición ou instalación de tella nova en cuberta:	20,00 €
M2.	Reposición de cuberta con fibrocemento e tella:	50,00 €
M2.	Reposición de cuberta con chapa illada imitación a tella en edific. auxiliares:	50,00 €
M2.	Reposición de cuberta con viguetas, fibrocemento e tella:	65,00 €

VARIOS

M3.	Desmontes e recheos:	7,00 €
M2.	Beirarrúas, pavimentacións exteriores, ramplas de acceso en formigón:	20,00 €
M2.	Piscina de altura inferior a 1,50 m de alto:	600,00 €





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Para o caso de que o suposto presentado non se axuste estritamente ós módulos deste cadro, actuarase, ben por similitude ou no seu defecto a base impositiva será determinada polo técnico municipal, de acordo co custe estimado da construción, instalación ou obra.>>

5) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Alcaldesa da conta das Resolucións da Alcaldía da núm. 697 á 817 do 2023; e da número 1 á 23 do 2024.

A Corporación dáse por enterada.

6) DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XGL.

A Alcaldesa da conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local mediante a remisión da seguinte acta: Acta d XGL do día 27/12/2023.

A Corporación dáse por enterada.

7) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN RELATIVOS Á ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

21

A Alcaldesa da conta dos informes da Intervención relativos á estabilidade orzamentaria emitidos dende o 21/11/2023 até o 15/01/2024.

A Corporación dáse por enterada.

8) INCLUSIÓN DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA.

A Alcaldesa pregunta se hai mociós por razón de urxencia.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que quere presentar unha moción relativa á Mancomunidade da Serra do Barbanza, que xa se está presentando noutros Concellos da contorna. Ten unha gran preocupación xa que Lousame é un dos Concellos máis afectados, a nivel humano, e interesado de que a planta siga adiante. A moción o que pretende é que se produza a convocatoria dos órganos colexiados da Mancomunidade.

A Alcaldía somete a votación a ratificación da urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o número legal de membros da Corporación, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

8.1) PROPOSICIÓN PARA DEMANDAR A CONVOCATORIA DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA MCSB PARA AFRONTAR OS PROBLEMAS E O ESTADO DE ABANDONO DA PLANTA

O voceiro do Grupo Mixto da lectura á moción que é do seguinte teor literal:

PROPOSICIÓN PARA DEMANDAR A CONVOCATORIA DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA PARA AFRONTAR OS PROBLEMAS E O ESTADO DE ABANDONO DA PLANTA MEDIOAMBIENTAL DE TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez queremos deixar de manifesto o estado de total abandono no que se atopa a Planta Medioambiental de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos da Mancomunidad de Concellos Serra do Barbanza e a demostrada incapacidade da súa xestión ao longo da última década case todosos mandatarios municipais dos concellos que conforman a Mancomunidad propietaria da planta.

Abandono que, a data de hoxe, fai case imposible que a planta poida seguir desenvolvendo a función para a que foi creada e evidenciando múltiples necesidades de intervención tanto nas infraestruturas, como o tellado de unha das naves completamente esnaquizado por un temporal, ou gran parte da maquinaria necesaria para levar adiante o proceso de tratamento e reciclaxe dos residuos como son, cadros eléctricos sen portas e en condicións que non pasarían minimamente unha inspección, liñas de triaxe con tal deterioro que non cumpren as condicións de seguridade, camións e outras máquinas con danos variados que as fan ser pouco operativas. Neste escenario, a empresa concesionaria FCC actúa con total negligencia e falta de cometido nas súas funcións, incorrendo no mínimo gasto de mantemento para poder desenrolar un bo funcionamento e deste xeito obter o rendemento esperado, convertendo a planta nun lugar insalubre para levar a cabo o traballo das persoas.

A incapacidade na xestión da planta por parte da Mancomunidad queda máis que demostrada coa falta de elaboración de uns novos pregos ante o vencemento da vixencia do contrato coa concesionaria FCC en setembro de 2023, e nin sequera se chegou a pactar un acordo para acometer a prórroga do contrato, tendo que ir a unha prórroga forzosa que implica unha actualización de prezos e pagar por facturación, cun menor control e peores condicións económicas.

Unha mala xestión co problema do vertedoiro, que xa superou a capacidade de asumir máis refugallo, sen que ata o momento se teñan informado dos tramites para a construción de un novo, tendo que levar os refugallo provisionalmente ata Sobrado dos Monxes e xerando un sobrecusto.

Ademais, a todo isto haille que sumar a perda de subvencións e da metade do financiamento de Ecoembes.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno da Corporación Municipal esta proposición, solicitando a adopción dos seguintes **ACORDOS**:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1.- ~~Esixir á presidencia da Mancomunidade a convocatoria dunha Xunta Xeral e unha posterior Asamblea Xeral na que se rendan contas e se discutan as seguintes~~ temáticas: estado das instalacións, entrada de novos socios, pagamento de cotas por parte dos municipios, balance económico, nova licitación, transporte dos residuos a outros vertedoiros, aprobación das contas xerais, estado de petición e adxudicación de subvencións e outras fontes de financiamento, adaptación do modelo á nova normativa, así como as cuestións relacionadas cos antigos e futuros vertedoiros.

2.- Facer un chamamento á Mancomunidade e ao goberno galego que resulte das vindeiras eleccións para que establezan vías de traballo para que posibiliten o bo funcionamento da planta de reciclaxe de Servia con subvencións nominativas.

Lousame, 26 de xaneiro de 2024

Asdo.: Anxo Moledo Carreño

Finalizada a lectura comeza a quenda de intervencións.

A Alcaldesa considera que a moción é un totum revolutum, que ten cousas mezcladas e datos errados. A Alcaldesa explica pormenorizadamente cal é a situación actual da Mancomunidade e da Planta Medioambiental, a última información que lle deron, a problemática que houbo coa ausencia de Secretarios-Interventores para poder tramitar os expedientes e convocar os órganos da Mancomunidade...

D. Juan José Prego Ces solicita que se elimine o punto número 2.

A Alcaldesa propón facer un receso, para ver se é posible facer un texto consensuado, xa que tal está a moción non está de acordo en dar o seu apoio.

Finalizado o receso, o texto consensuado do acordo sería o seguinte:

<<O Pleno do Concello de Lousame ACORDA:

Único: Solicitar á Presidencia da Mancomunidade a convocatoria dunha Xunta Xeral e unha posterior Asemblea Xeral na que se debatan as seguintes temáticas: estado das instalacións, entrada de novos socios, pagamento de cotas por parte dos municipios, balance económico, nova licitación, transporte dos residuos a outros vertedoiros, aprobación das contas xerais, estado de petición e adxudicación de subvencións e outras fontes de financiamento, adaptación do modelo á nova normativa, así como as cuestións relacionadas cos antigos e futuros vertedoiros>>

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o número legal de membros da Corporación, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<O Pleno do Concello de Lousame ACORDA:

Único: Solicitar á Presidencia da Mancomunidade a convocatoria dunha Xunta Xeral e unha posterior Asemblea Xeral na que se debatan as seguintes temáticas: estado das instalacións, entrada de novos socios, pagamento de cotas por parte dos municipios, balance económico, nova licitación, transporte dos residuos a outros vertedoiros, aprobación das contas xerais, estado de petición e adxudicación de subvencións e outras fontes de financiamento, adaptación do modelo á nova normativa, así como as cuestións relacionadas cos antigos e futuros vertedoiros>>

8.2) MOCIÓN CONTRA A XESTIÓN DA MAREA DE PELLETS PLÁSTICOS

O voceiro do PSdG-PSOE sinala que quere presentar unha moción relativa á marea de pellets plásticos que chegaron ás nosas costas. É un asunto de actualidade e de inxerencia social e considera que é urxente o seu tratamento.

A Alcaldía somete a votación a ratificación da urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o número legal de membros da Corporación, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

24

A petición do voceiro do PSdG-PSOE, a Secretaría da lectura á moción que é do seguinte teor:

MOCIÓN CONTRA A XESTIÓN DA MAREA DE "PELLETS" PLÁSTICOS

Juan José Prego Ces voceiro suplente do Grupo Municipal Socialista no Concello de Lousame de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN** sobre a xestión da marea de "pellets" plásticos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de decembro, o cargueiro "Toconao", con pavillón liberiano, armadora radicada en Bermudas e empresa propietaria con domicilio fiscal en Chipre, perdía fronte ás costas portuguesas varios colectores, entre os que se atopaba un que contiña máis de 26 toneladas de "pellets" plásticos repartidos en sacos de 25kg.

O 13 de decembro, o 112 recibe a chamada dun veciño de Corrubedo alertando da presenza de decenas de sacos de microplásticos na praia ribeirense de Balieiros, pese ao cal dende a Xunta de Galicia non se toma ningunha medida ata case un mes máis tarde, cando a presión social e mediática impide tapar durante máis tempo o acontecido.

O 20 de decembro ás 18:30 horas, Salvamento Marítimo de Fisterra comunica ao servizo de gardacostas, dependente da Xunta de Galicia, que a chegada de "pellets" ás costas galegas débese a perda do colector do Toconao. Pero non é ata o 4 de xaneiro, 15 días despois, cando a Xunta se dirixe a algúns Concellos a través dunha carta asinada polo Conselleiro do Mar, para lembrarlles que son eles, os Concellos, os que teñen as competencias na limpeza dos areais, e polo tanto desentendéndose desa labor e o que é máis importante, da súa obriga de colaborar aportando medios, recursos, información e orientación a aqueles que estaban a asumir en exclusiva a limpeza dos restos do vertido que chegaban ás nosas costas.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O 6 de xaneiro a Xunta activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (CAMGAL), sorprendentemente no seu nivel 1, o que impedía a intervención dos medios do Estado, segundo o establecido no protocolo aprobado polo Goberno Central durante a etapa de goberno do PP, que obriga a activar o nivel 2 para que o Goberno do Estado poida actuar.

Non é ata o día 9 de xaneiro cando Asturias, comunidade afectada por este vertido con posterioridade a Galicia, decreta o nivel 2, momento no que a Xunta decide seguir os seus pasos e proceder a activar ese nivel de alerta que permite actuar ao Estado, iso si, negándose a concretar que medios precisa para tal fin, chegando a declarar o propio Alfonso Rueda días antes "el que quiera ayudar, que ayude", ou a Conselleira de Medioambiente, Ánxeles Vázquez, "el Gobierno Central tiene que saber lo que ellos necesitan"; para un día despois acabar pedindo un avión, dous helicópteros, 11 barcos e un submarino.

Así mesmo, compre ter en conta as contradicións dos distintos responsables da Xunta, e cargos do PP, en relación coas características, composición e sobre todo posible toxicidade ou non do material que chega ás nosas costas, sen ter a estas alturas a constatación de si pode ser ou non prexudicial.

Todo un despropósito, que pon negro sobre branco a nefasta xestión da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda dunha nova catástrofe nas costas galegas. Unha xestión que seguiu ao pé da letra o manual do Prestige, minimizando as consecuencias do vertido e actuando tarde, mal e arrastrado pola presión social, mentindo e ocultando información e responsabilizando aos demais daquilo que é da súa competencia.

Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Lousame, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Esixir da Xunta de Galicia:

1º.- A creación dun comité de crise no que participarán, ademais das autoridades autonómicas -que coordinarán as accións- e o goberno central, a FEGAMP e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, dende o inicio da crise con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema.

2º.- A posta a disposición dos Concellos afectados de todos os medios técnicos, económicos e humanos para facer fronte aos traballos de limpeza e retirada dos "pellets".

3º.- A realización en colaboración con Universidades e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así coma as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.

4º.- A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.

5º.- Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación.

En Lousame, a 26 de xaneiro de 2024

Asdo.

Voceiro suplente do Grupo Municipal Socialista

A Alcaldesa toma a palabra e explica que este é un tema grave, pero non polos micro-pellets, senón polos plásticos. Encantáralle que presentasen unha moción conxunta, noutro momento, en relación con este asunto. É preciso para legislar sobre este asunto. O que non se pode é crear unha alarma e logo defender o noso produto. Estamos nunha mala época e anuncia que o seu grupo político vai rexeitar a moción tal cal está redactada. Pregúntalle ao voceiro do PSdG-PSOE se é posible facer algún cambio na moción ou pretende mantela como está. Ante a negativa do voceiro do PSdG-PSOE anuncia que o seu partido traerá outra moción ao seguinte pleno ordinario.

O voceiro do Grupo Mixto toma a palabra e di que está desolado coas intervencións. Ninguén compara isto co *Prestige*. O que se compara é a mesma negligencia que tivo a Xunta de Galicia, que agora volve repetir os mesmos erros que tivo no seu momento. A Xunta tivo dende o 13/12/2023 coñecemento da chegada dos pellets porque llo comunicou o Concello de Ribeira. E tamén saíu un Alcalde do Partido Popular, nos medios





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

de comunicación, falando deste tema; antes da data na que Rueda dicía que el tivera coñecemento do asunto. Estivo dicindo mentiras, xa que insistía que el non tiña coñecemento e había Alcaldes do Partido Popular que saían na prensa falando deste asunto. Aquí houbo unha deixadez tanto da Xunta como do Goberno Central; xa que estiveron un mes botándose reproches uns aos outros. Tiveron que afrontar a limpeza dos pellets os Concellos, cando non era a súa obriga.

A Alcaldesa coméntalle que mentres tanto o BNG estaba manifestándose en Bilbao. Dúas persoas do BNG estaban en Cabío e os demais, os altos dignatarios, estaban.... onde? Sábeo, verdade? Estaban cos terroristas en Bilbao, pedindo o achegamentos dos presos....

O voceiro do Grupo Mixto considera que se nota que estamos en campaña. Cre que ETA deixou de existir fai moitos anos, e pídelle por favor que non entre nese tema. Hai que ser un pouco máis democrático. Ten o orgullo de compartir militancia co Alcalde de Ribeira e Alcaldesa de Muros que foron capaces de facer fronte a esta crise cos seus propios medios. É preciso investigar e selar os colectores que a día de hoxe seguen mandando pellets. O que pasa é que estamos ao comezo dunha campaña electoral, e en vez de falar disto, é mellor falar de Otegi, falar de Bildu... e aquí quen utiliza ás vítimas é a dereita. Recórdalle que as vítimas tiveron que saír a dicirle ao Partido Popular que non as mencionase e utilizase cando foi do lema "que te vote Txapote"...

A Alcaldesa di que xa se ve que o Sr. Moledo está en plena campaña electoral. Ela non, porque aínda non empezou e non quere meterse nese contexto. Finaliza a quenda de intervencións, e somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos en contra (emitidos polo GPM do PP) e catro (4) votos a favor (emitidos polo GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o número legal de membros da Corporación, e polo tanto sen acadar o quórum necesario, rexeita a moción do PSdG-PSOE contra a xestión da marea de pellets plásticos.

26

8.3) MOCIÓN SOBRE A ATENCIÓN PRIMARIA

A Alcaldesa explica que o obxecto da moción é poñer sobre a mesa a situación real e as medidas que hai que acometer para solucionar esa situación. Somete a votación a urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polo GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención, sendo once (11) o número legal de membros da Corporación, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

O voceiro do Grupo Mixto solicita a palabra para explicar o sentido do seu voto. Vota en contra da urxencia porque no seu día quixo presentar unha moción sobre este mesmo tema, pero naquel intre, pedíuselle que a retirase para estudar a presentación dunha moción conxunta. Non se fixo, e agora pretende traerse a moción con carácter de urxente. Por iso vota en contra.

A Alcaldesa procede á lectura da moción que é do seguinte teor:

.....

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE LOUSAME ATENCIÓN PRIMARIA





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación que está a atravesar a atención primaria está a ser difícil en toda España por un problema estatal de déficit de especialistas en medicina de familia dispoñibles para contratar que fai case imposible conseguir cubrir as prazas nos casos de xubilacións, baixas ou ausencias.

Cofeciamos dende fai anos que esta difícil situación ía a chegar, por iso xa en abril do 2018, as comunidades autónomas xunto co goberno do Estado aprobaron, por unanimidade, nun Consello Interterritorial unha serie de medidas prioritarias para corrixir as carencias que se estaban orixinando.

Sen embargo, aquelas medidas pactadas en abril quedaron sen efecto coa chegada ó goberno do PSOE en xuño de 2018, postergando o pactado no Consello Interterritorial e empeorando a situación da atención primaria cada ano que pasaba.

Foron 4 anos de inacción ata que en 2022 o Ministerio presentou ó Consello Interterritorial un informe coordinado pola catedrática Beatriz González López-Valcárcel titulado "Informe Oferta-Necesidad de Especialistas Médicos 2021-2035", no cal se marcaba o 2027 como punto de inflexión onde se producirían situacións críticas non Sistema Nacional de Saúde (SNS).

O devandito informe sinala a especialidade de medicina familiar e comunitaria como "a especialidade con peores prognósticos de déficit". Identificando como as causas máis determinantes neste problema, a fuxida dos residentes desta especialidade a urxencias e o escaso incremento das prazas MIR debido á rixidez do procedemento de acreditación de prazas formativas. Ademais do aquí sinalado tamén se recomenda adoptar incentivos para prazas de difícil cobertura que poderían quedar vacantes incluso nun escenario con máis especialidades polo seu pouco atractivo profesional.

Neste tempo nada se fixo por parte do Goberno Central máis que deixar correr o reloxo, todas as medidas que se levaron a cabo foron no ámbito competencial das comunidades autónomas, sendo quen de asumir as súas responsabilidades en materia sanitaria sen o apoio do goberno.

Exemplo disto foi o aumento constante de prazas MIR que se deu en distintas comunidades, como Galicia, que leva anos cubrindo o 100% das prazas acreditadas e solicitando a acreditación de máis ata chegar ás 207 ofertadas na última convocatoria.

De feito, nos últimos 15 anos Galicia duplicou a súa oferta de prazas desta especialidade (desde as 88 de 2009 ata as 207) fronte a un incremento en toda España dun 30% (de 1.904 en 2009 a 2.492 este ano).

Pero o sistema non dá máis de si. A rixidez dos criterios para crear novas prazas obrigou ao goberno galego a crear máis prazas de residentes nos poucos centros que xa podían formalos (arredor de 100 dos máis de 400 que ten Galicia) en lugar de incorporar residentes a outros centros aos que non se permite formar por criterios tan arbitrarios como ter 4 médicos en lugar de 3.

Ata tal punto chegou a situación, que País Vasco e Galicia tomaron a iniciativa e elaboraron un manifesto onde reclaman ó Goberno de España unha serie de medidas urxentes para solucionar a situación na que se atopa a atención primaria. A este manifesto uníronse máis comunidades autónomas, como Cataluña, Castela e León, Andalucía ou Madrid, entre outras. Comunidades gobernadas, por partidos de distinto signo pero que son conscientes de que o verdadeiro problema que afronta a atención primaria non entende de cores políticas.

O contido deste manifesto foi trasladado ao Congreso dos Deputados como resolución durante o Debate do Estado da Nación celebrado en xullo de 2022. Esa resolución obtivo o respaldo maioritario do Congreso, logrando o apoio dunha decena de partidos políticos tamén de diferente signo.

Porén, nos Consellos Interterritoriais posteriores a esta votación non se ten expresado por parte do Goberno de España intención de dar cumprimento a este acordo.

De feito, pechouse unha nova convocatoria MIR sen cambios no modelo de asignación de prazas e sen a flexibilización previa de acreditación das unidades docentes, polo que a ampliación de prazas concedida resultou insuficiente. Galicia defendeu que a orde contemplase unha posible ampliación posterior das prazas no caso de que esa mudanza dos requisitos se consumase e se puideran acreditar máis prazas, pero non consta que o Goberno aceptase tampouco esa petición.

Así, na convocatoria MIR para 2024 hai preto de 14.000 admitidos polo Ministerio para una convocatoria de 8.772 prazas de médico residente. Máis de 5.000 médicos titulados quedarán sen formación especializada.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados non podan optar a unha praza de formación sanitaria especializada cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.

As medidas do manifesto elevado por Galicia e País Vasco en 2022 seguen de máxima vixencia e por iso están recollendo cada vez máis adhesións, sendo as máis recentes os dos gobernos autonómicos de Comunidade Valenciana, Aragón, Baleares ou Extremadura.

Por outra banda, a escaseza xeneralizada de persoal está a ter tamén un impacto directo na sanidade xestionada polo Goberno central: a dos centros penitenciarios. Nunha recente resposta parlamentaria, o Goberno de España recoñecía que ten vacantes o 70% das prazas médicas nos cárceres de Galicia. E a única resposta que está a dar o Goberno de Sánchez a esta situación está a ser a contratación de servizos privados de asistencia sanitaria para os reclusos, nun claro caso de desmantelamento e privatización dun servizo sanitario público.

Por todos estes motivos e polo prexudicial que pode chegar a ser esta inacción para os profesionais sanitarios e a poboación, presentamos as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**

O Pleno do Concello de Lousame:

1. Acorda o seu apoio ás medidas incluídas no 'Manifesto de conselleiros de sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria' respaldado pola maioría dos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados e que inclúe reformas que permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.
2. Insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle insta a adoptar estas medidas, trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados nese sentido.
3. Insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que reverta a privatización dos servizos sanitarios dos centros penitenciarios galegos, volvendo a prestar esta atención desde o sistema público con persoal sanitario propio de Institucións Penitenciarias.
4. Acorda dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade do Goberno de España"

28

En Lousame a 26 de XANEIRO de 2024

A Alcaldía comeza a quenda de intervencións.

O voceiro do PSdG-PSOE comenta que a Alcaldesa fala de inacción na moción. Pero por parte de quen? Da Xunta ou do Goberno do Estado?

A Alcaldesa di que a competencia de crear prazas MIR é o Estado, non da Xunta de Galicia. Galicia convocou todas as prazas MIR que podía. Pero o que queren é que se creen máis prazas MIR.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polo GPM do PP), tres (3) votos en contra (emitidos polo GPM do PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo Grupo Mixto), sendo once (11) o número legal de membros da Corporación, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

"Primeiro: Acorda o seu apoio ás medidas incluídas no 'Manifesto de conselleiros de sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria' respaldado pola maioría dos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados e que inclúe reformas que permitirían incrementar





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.

Segundo: Insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle insta a adoptar estas medidas, trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados nese sentido.

Terceiro: Insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que reverta a privatización dos servizos sanitarios dos centros penitenciarios galegos, volvendo a prestar esta atención desde o sistema público con persoal sanitario propio de Institucións Penitenciarias.

Cuarto: Acorda dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade do Goberno de España"

9) ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro do PSdG-PSOE, D. Juan José Prego Ces, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- *Uns usuarios das actividades da ximnasia fixeron chegar unhas incidencias en relación ao desenvolvemento das actividades.*

Alcaldesa: o persoal do Concello pode coller vacacións e non se lle poden negar. A persoa que da as clases dixo que lle informara a todos os grupos, pero pode ser que esa persoa que foi ás actividades faltara ese día e non soubera desa información. Tratamos de botar man da bolsa de emprego constituída para a substitución da persoa traballadora pero foi imposible. E houbo que facer un contrato de servizos cunha empresa para poder seguir desenvolvendo as actividades.

29

2.- *Pregunta polas obras de pavimentación da estrada de San Finx.*

Alcaldesa: Interésalle a pregunta. Está enfadada e ten pedida unha reunión en AGADER. Aí pasou o seguinte. Cando se iniciou a obra veu a empresa que estaba nese momento na Mina e que estaban solicitando autorización para colocar unha tubaría que ía romper nese mesmo espazo que agora se pretendía reparar. Que o mellor era que eles fixeran iso antes (a canalización desa tubaxe). A empresa pediu presupostos a quen quixo. E a empresa que estaba traballando na obra para a Xunta, foi a que lle ofreceu o mellor orzamento. A partir de aí montouse toda unha mentira que é a que está paralizándo a execución da obra... Menos mal que o Concello non foi o que licitou as obras. A mentira que se está a dicir é que a Xunta pagou con diñeiro público esa canalización da empresa concesionaria da Mina. Iso é unha mentira. Por todo isto, esta obra está parada, que está metida nun PIR. Ao preguntar na Xunta díxéronlle que hai denuncias incluso polo penal... E agora a Xunta non vai seguir o expediente até que todo isto se aclare. E por culpa disto as obras están sen facer e podemos perder ese PIR. Ten solicitada unha entrevista sobre este asunto. A cuestión é que estas persoas querían paralizar a obra. E xa o conseguiron con acusacións falsas. E agora a ver cando se aclara todo isto para que as obras poidan continuar e os veciños de Lousame poidan desfrutar deste investimento.

3.- *Vaise tomar medidas con algunhas cunetas onde o desbroce agora mesmo non chega, hai tanta terra e follas que a estrada está máis estreita. A auga está circulando polo firme coa consecuencia do seu desgaste.*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: Vanse tomar medidas nas cunetas, pero hai que deixar pasar esta época. E hai que facelo en todo o Concello.

4.- *Tiveron unhas queixas dun veciño de Lesende sobre un camiño. Se non é posible limpar esa cuneta.*

Alcaldesa: Pídelle que veña ao Departamento de Urbanismo a semana que ven, e que o técnico municipal lle explique a situación dese lugar en concreto. Hai que ver o camiño, como son as augas e cal é a problemática. Non é algo doado de arranxar.

O voceiro do Grupo Mixto, D. Anxo Moledo Carreño, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- *Imaxina que vai haber un pleno extraordinario no mes de febreiro, e vai coincidir coa campaña electoral, polo que lle agradecería á Alcaldesa que o avisase con tempo para reservar a data para ese pleno extraordinario.*

2.- *Quería facer un rogo, en relación a un acto que compartiron no colexio de Lousame. Era un acto da Deputación relativo ao emprendemento no rural. Considera que aquel non era o foro máis axeitado para solicitarlle á Deputación máis investimento. Cre que hai outro xeito de pedir as cousas. Recorda que el se ofreceu persoalmente a acudir coa Alcaldesa á Deputación para solicitar financiamento para Lousame a través dunha subvención nominativa para resolver o tema das termitas. Ao final a Alcaldesa reclinou a oferta porque xa conseguiu financiamento doutro xeito, pero el vai seguir traballando para que esa subvención nominativa poida vir a Lousame.*

Por outra banda, naquela charla, a Alcaldesa díxolles aos rapaces que se podía quedar no rural e puxo o exemplo de venda de leitugas. Considera que hai outros exemplos en Lousame de mozos que emprenden sen estar relacionados coa terra, como a súa compañeira Teresa, que se dedica aos gravados. Os rapaces alí entenderon que a Alcaldesa os mandaba a botar patacas. Aos rapaces hai que trasladarlles que no rural poden facer o mesmo que poden facer nunha grande cidade. O que temos que falar é de ter mellores telecomunicacións para conseguir iso.

A Alcaldesa toma a palabra para dicir que puxo o exemplo dunha persoa de Lousame (son máis que unha) que tras ir a cursos de formación, montou unha empresa, e vende produtos que elabora, tanto dos que colle directamente do campo como os que elabora (mermeladas, queixos, etcétera). O Sr. Moledo non pode falar polo que entenderon os rapaces. Poderá falar do que el entendeu. Ademais, o Sr Moledo cre que é menos digno dedicarse ao campo que dedicarse ao gravado? Ela xa falou da necesidade de mellorar as telecomunicacións para mellorar o emprego na zona rural. Se o Sr. Moledo asistise a todas as charlas e todos os cursos que se dan no colexio sería perfectamente coñecedor de todas as cuestións das que ela fala cando se dirixe aos nenos e mozos de Lousame.

3.- *Pregunta á Alcaldesa de se é consciente de que hai pais que queren recoller sinaturas para que cambie a dirección do centro educativo?*

Alcaldesa: Nin ela nin a concelleira de Educación son coñecedoras desa información. Por outra banda non é unha competencia municipal. Considera que temos un centro educativo moi bo. Que están realizando proxectos marabillosos. Pero o Centro é autónomo. O único que fai o Concello é favorecer a coordinación en igualdade, en evitar o acoso, en conseguir investimentos para o Colexio. Os pais non teñen que comunicar á Alcaldía que van presentar un escrito nese sentido. Ela non ten constancia pero tampouco a debe ter. É algo totalmente alleo ao Concello. Se hai algún tipo de suxerencia por parte de alguén, téñense que dirixir ás canles educativas.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4.- Como está o Inventario de Bens? Díxose que ía vir ao último Pleno da lexislatura e ao final non foi así. O inventario é un tema moi denso. Baséase en fichas e gustaríalle ir véndoas, analizándoas... Non esperar a que se convoque a sesión plenaria para ver a documentación porque vai ser imposible de analizar.

Alcaldesa: Ese tema non está parado en ningún momento. Unha vez que chegue aquí debe revisalo o técnico de urbanismo e logo debe pasar a Secretaría. Estamos nun Concello que temos o persoal que temos. O persoal que temos é bo, e traballa, pero somos os que somos. Están desbordados. E logo teremos unha reunión onde me dirán que priorice: ou o orzamento ou o Inventario; ou licitar o SAF ou o orzamento... E hai un montón de expedientes enriba da mesa, como rematar a estabilización. Todo iso está sobre a Mesa e debe pasar polo mesmo Departamento, Secretaría-Intervención. En canto á documentación do Inventario non pode mandarse antes de que o expediente estea tramitado. Pero non ten por que ser dous días. Pode convocarse o Pleno e facelo cun mes de antelación.

A petición da Alcaldía a Secretaría explica que no momento no que o documento técnico presentado, forme parte dun expediente administrativo, os concelleiros poden solicitar o acceso a ese documento.

A Alcaldesa remata dicindo que non hai ningún interese en ocultar nada. Que supón que a oposición quere que se aprobe o Inventario. Xa houbo un que se aprobou inicialmente, pero tras o período de información pública, non se resolveu definitivamente. Foi unha pena, xa que houbera moi poucas alegacións. Se hai alegacións, resolveranse; que se meteu algo de xeito incorrecto, corríxase...

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e dúas horas e vinte e oito minutos (22:28 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

31

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

A Secretaria, Paula Ares Otero

